



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ENTIDADE ZIPANGO 92 S.A. RELATIVO AO ENCONTRO RUTA QUETZAL GALICIA 2017.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa entidade Zipango 92 S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a entidade Zipango 92, S.A. para o desenvolvemento do Encontro Ruta Quetzal Galicia 2017, que terá lugar entre o 12 e o 15 de outubro, e permitirá que os participantes coñezan algúns dos enclaves máis significativos de Galicia, promovendo a súa imaxe como destino turístico e potenciando e promocionando o seu gran interese histórico e cultural, así como os seus atractivos como espazo natural.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, creada como axencia pública autonómica polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade, e ten entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste





obxectivo. A tal efecto, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- Que no ano 2001 comenzouse a realización dunha serie de encontros entre xoves participantes en todas as expedicións do programa Ruta Quetzal, así como das expedicións realizadas con anterioridade a 1993, cando o programa se chama Aventura 92. Ditos encontros se veñen celebrando cada dous anos en diferentes comunidades e provincias españolas: Com. Valenciana (en 2001 con 1.000 participantes), Toledo (en 2003 con 700 participantes), Navarra (2005, 500 participantes), Cantabria (2007, 500 participantes), Huelva (2009, 200 participantes) e Madrid (2011, 400 participantes), e en eles, os gobernos de ditas comunidades autónomas que colaboraban no encontro aproveitaban a cita para dar a coñecer a historia e os atractivos turísticos das súas cidades e conmemorar, en algúns casos, aniversarios de acontecementos culturais importantes (El Quijote, San Francisco Javier, Liébana...). Ademais, supoñían emotivos reencontros dos ruterros cos seus compañeiros de aventuras.

Neste ano 2017, organizarase un novo encontro de ruterros “Homenaxe a Miguel de la Quadra-Salcedo” en Galicia. Sería un encontro moi especial ao ser o primeiro tras a morte de Miguel de la Quadra-Salcedo, nunha data moi significativa para o programa, 12 de outubro.

Durante os días nos que se desenvolverá o encontro, os participantes poderán coñecer algúns dos enclaves máis significativos de Galicia, de xeito que tamén se promova a imaxe como destino turístico e potenciando e promocionando o seu grande interese histórico e cultural, así como os seus atractivos como espazo natural.

Terceiro.- Que a entidade Zipango 92 S.A., como única titular da marca Ruta Quetzal, e polo tanto a única entidade que pode realizar o Encontro Ruta Quetzal Galicia 2017 é a única coa que poder subscribir este convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

